

BLOQUE

Boletín informativo



Catoira, novembro 2005

¿TODOS IGUAIS...?

Non contar con nós, deste xeito non contedes con nós. Non estamos aquí para resolver os nosos propios asuntos, para buscar postos de traballo para amigos e familiares. Non.

O equipo do BNG está aquí para procurar unha forma xusta de xestionar o noso concello, para facer de Catoira un sitio mellor, para que todas e todos se sintan en igualdade de condicións, para acabar co “enchufismo”, para que as persoas consigan os dereitos que lle corresponden sen pensar que por elo lle deben un favor ao alcalde, para que, dunha vez por todas, non se volva a escoitar nunca máis aquilo de: “son todos iguais”. Porque non é así. Porque para ser iguais a estes quedaríamos na casa sen complicarnos a vida, porque non necesitamos, nin queremos, vir ao concello para servirmos del, senón para darlle a isto un pulo, erguelo, para que non haxa dictaduras nin corrupción, para poñernos no lado da xuventude e espertar unhas ilusións que agora mesmo non se ven por ningún lado.

Nos últimos meses o concello de Catoira sacou a concurso uns postos de traballo: unha praza definitiva de auxiliar administrativo que recae na filla do principal apoio do alcalde; o portavoz do PP, pode ser casualidade; unha da Diputación, recae no fillo deste mesmo señor, outra casualidade; e outras na Guardería, recaíndo unha delas nunha persoa directamente relacionada co fillo dunha das tenentes de alcalde do goberno local. Outra casualidade.

O grupo do BNG está convencido que Catoira merece outra cousa mellor, máis sana. Con esta denuncia queremos espertar a aqueles que aínda pensaban que este goberno e o seu pintoresco apoio eran fiables para a cidadanía de Catoira. Queda pouco para ter a oportunidade de poñelos “no seu sitio”. Temos a ilusión de cambiar isto definitivamente, polo ben de Catoira.

Neste Boletín:

• Os grupos do BNG, PSOE e PP están a xestionar a construción do Centro Multiusos, na Fonte Gaiteira.

Acollerá tamén as dependencias da alcaldía, secretaría e atención ó público.

• O alcalde non respaldou a Romaría Vikinga na Feira do Turismo de Galicia.

• O BNG apoia a solicitude de veciños que están en contra do cobro da matrícula dos cursos organizados polo concello.

• O BNG pregunta pola situación da Escola e da Banda de música.



Pepe Castaño Dios con Marta Souto, Delegada Provincial de Cultura e Deporte.

COINCIDENCIA CO PROGRAMA ELECTORAL... DO BNG CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO MULTIUSOS NA FONTE GAITEIRA ALBERGARÁ AS DEPENDENCIAS DO CONCELLO: ALCALDÍA, OFICIÑAS...

O BNG está a apoiar e colaborar no proxecto do Centro Multiusos a realizar na Fonte Gaiteira (*finca xa liberada previo pago dunha forte suma de diñeiro*). Este centro multiusos está no programa electoral que o noso grupo presentou para as eleccións locais. Congratulámonos que tanto BNG como PSOE e PP coincidamos nesta iniciativa, pois vai ser un local moi útil para a cidadanía de Catoira.

En relación con este edificio adiantamos que, aparte dun centro xóven, auditorio..., ubicará as novas dependencias do concello: alcaldía, atención ó público, oficiñas... Tamén aquí se aceptan as opinións do BNG, que leva criticado as actuais instalacións como ineficaces, de distribución fatal, e coa increíble circunstancia de que **se unha persoa quere visitar ao alcalde ou secretario ten que pasar obrigatoriamente polo medio do salón de plenos, cruzar unha sombría e estreita pasarela, e se despois disto non morreu do susto, conseguirá chegar ao seu obxectivo, non sen antes pasar o filtro establecido polo alcalde.** (Ver foto).

O grupo do BNG lamenta tanto dispendio no recente arranxo do edificio actual, feito cun mal gusto galopante, cun feísmo impropio dun concello normal, e agora o que nós vimos calificando de "mamotreto" absurdo, xa non serve, e hai que ir para outro sitio. Este alcalde segue a dar "paus de cego", pero a mágoa é que o paga toda a cidadanía de Catoira.

Polo menos agora vai coincidindo cas nosas ideas e aplica tamén o noso programa electoral, e iso é o que todos saímos gañando.



Escaleira de acceso á Alcaldía.

O "TOCADISCOS"

Sen pena nen gloria, ou con máis pena que gloria, pasou unha nova edición da Romaría Vikinga. A ela chegouse cos indicadores de entrada a Catoira tirados, xa estaban arrancados e así seguiron durante a semán da romería, sen que ninguén - a pesares dos avisos do BNG, mesmo na prensa local - mirase por arranxalos. Faise coincidir a actuación dun grupo musical importante (Mutenrohi) coa festa de Abalo e coa "rapa das bestas" de Xiabre, resultado: 35 asistentes ao concerto. Faise saír a romería nun recibo de lotería e a dirección que se lle pon é: "Catoira (VIGO)". Saímos na revista Entreviú e sitúan a Catoira en CORUÑA. Falan de hostalería para pasar as festas e díse que o mellor está en VILAGARCÍA. Para toda a xente asistente ás Torres - miles de persoas - había "UN SÓ RETRETE" utilizable; os mexilóns que se repartiron tiñan un aspecto "pouco recomendable"; os IRLANDESES andiveron perdidos por Catoira no día da súa chegada...

En fin, os dous momentos máis significativos da festa, a acampada despois da comida campestre no recinto das Torres, e a noite do sábado anterior á mesma no centro do pobo, o tema da música -tan importante nunha festa ou romaría, neste caso "INTERNACIONAL"- resolveuse **poñendo a tocar un "TOCADISCOS", os dous días o mesmo, amablemente "cedido" por un veciño de Catoira...**



O Alcalde de Pontevedra con representantes do Ateneo Vikingo... e onde, García García?

Agora ven de celebrarse en Pontevedra a "Feira do Turismo de Galicia", onde todos os concellos exhiben as súas mellores cousas, están presentes para recibir aos visitantes, ás televisións, xornais e radios, cos seus alcaldes respectivos, para promocionar as súas festas e romarías... e o de Catoira, ao ser requerida a presenza do noso concello dille á organización que **"NON ME INTERESA"**. Finalmente SÍ estivemos representados por unha xente particular á que SÍ LLE INTERESA a promoción da Romaría Vikinga: **O Ateneo Vikingo**, cuos directivos, cos gastos do seu bolsillo e a perda de tempo correspondente, taparon unha vez máis a incompetencia do goberno municipal.

Nada, amigas e amigos, ano 2005, "a vida segue igual"...

BANDA E ESCOLA DE MÚSICA

Diante do interese mostrado por numerosas persoas de Catoira, mesmo a Directiva da Asociación de San Antonio, o grupo municipal do BNG trasladou ao pleno a seguinte pregunta: *“Temos coñecemento dunha situación de certo malestar e enfrentamento entre veciños e Director da Banda de Música. Parece ser que esta situación de conflito xa ven de atrás... ¿Cal é a situación, a día de hoxe, da Banda e Escola municipal de música? ¿Tomouse, ou vaise tomar, algún tipo de medida para solucionar esta situación, de xeito satisfactorio, para todas as partes implicadas (músicos, pais, profesores, veciños...)?* A resposta do alcalde é que o Director da banda presentou a dimisión como tal, pero que continúa como Director da Escola de música.

COBRO DE MATRÍCULA POR CURSOS

Este grupo municipal manifesta a súa disconformidade co goberno local de cobrar por matricularse nas distintas actividades que organiza o concello. Ata o de agora eran totalmente gratuitos. O grupo do BNG ven recibindo as queixas e protestas de aspirantes, dos que algúns xa se matricularon e outros e outras non o farán se segue adiante esta medida. Na actualidade están convocados, entre outros, cursos de ximnasia e de memoria. *O BNG solicita do goberno que reconsidere esta medida e volva a poñerse gratuita a matrícula.*

ARRANXOS E PROPOSTAS

O BNG levou a pleno numerosas solicitudes de arranxos para as catro parroquias do concello. Entre elas:

- **Arranxar as sinais de perigo do Colexio Público**, pois aparte de dobradas están tapadas por postes e por maleza.

- Volver a solicitar da alcaldía que se fagan as xestións pertinentes para a **mellora dos patios para os nenos dos edificios número 1 e 3 do CPI Progreso**, tal como xa pedimos no seu día, xa que nestes momentos a chuvia e o frío están a ser un pesadelo para o alumnado. Ademais no mesmo colexio arranxar redillas e outros desperfectos-

Arranxo de varios bancos da Rúa da Estación. Levan meses rotos.

- Na estación do ferrocarril hai que **arranxar numerosas farolas** que teñen os brazos e lámpadas estropeados.

- Solicitud de limpeza da maleza nas estradas de Dimo e Abalo.

- Solicítase **colocación de sinais de LÍMITE DE VELOCIDADE** en diversas estradas do concello.

- Solicítase arranxo dunha arqueta que **leva todo o ano vertendo moita auga na estrada de Dimo, á altura do cruce coa estrada de Caldas**.

- Moi cerca deste, do outro lado da estrada de Caldas seguen sen colocarse uns tubos que están **"pousados" no sitio dende fai dous anos e medio**. Ise é un cruce perigoso para os condutores. Aparte prometeuse aos veciños poñer **uns columpios** no lugar, e segue sen facerse.

- Vólvese a solicitar o **derrubido de varias casas e edificios en ruínas**, así como a **pared de bloques da parte sul da Gardería Municipal**, que representa un perigo constante.

- Igualmente xestionar o dragado do río de Santa Baia á altura dos Agros, ao seu paso por debaixo da estrada, así como **colocación dunha baranda de protección, pois existe perigo de caída dos transeuntes**.

- Colocación de **contenedores** en diversos lugares, a ambos lados da estrada en sitios perigosos para cruzar.

- **Revisión dos distintos Parques Infantís**, algúns en moi mal estado.

- Pedíuse que se solucione outro vertido de auga do sumidoiro na entrada da estrada dende a casa de oficios cara As Lombas.

- **Arranxo definitivo da estrada de Santa Baia**, sobre todo á altura da fonte da Fabeira. Xa leva anos nista situación.

- **Reparación das escadas na baixada dende a Avenida cara o muíño de Moure, así como as farolas**. - **Manifestar a nosa oposición aos verquidos de cemento que se espallaron no Paseo Fluvial á altura da nova rampa de acceso a Asteleiros do Ulla.**



MALESTAR DE XENTE MAIOR

Queremos transmitir a queixa de varios maiores do concello, e a nosa propia, pola forma en que se levou a cabo por parte do goberno municipal a organización da comida da xente maior. Comunicouse por escrito que o xantar sería en Abalo, nunha carpa ó aire libre, polo que algunha xente decidiu non asistir (a causa do frío e incomodidade). O caso é que se cambiou de sitio e non se avisou aos interesados que xa non se acercaron ó concello a pagar, quedando algúns sen asistir. Prégase un pouco máis de seriedade na próxima ocasión.

ACTIVIDADE MUNICIPAL

Representantes do BNG véñense reunindo e presentando modificacións para o proxecto do Centro Multiusos da Fonte Gaiteira, xunto cos outros membros da corporación. Aprobáronse co noso voto afirmativo varias obras: distintos tramos de sumidoiros. Aprobáronse as modificacións pertinentes para a protección da Lagoa Pedras Miúdas. Aprobáronse as modificacións necesarias para a ampliación do paseo fluvial, así como a modificación dalgún tramo do mesmo mediante pasarelas, e actuación no entorno das Torres de Oeste.

O ALCALDE NON PRESIDE

Nos últimos meses estamos a observar que as Xuntas de Goberno non están a ser presididas polo alcalde de Catoira. ¿Cal é o motivo? ¿Quere eludir responsabilidades, en caso de problemas ou ilegalidades, e pasarlle estas aos restantes membros do mesmo?. Non sería a primeira vez.

TOPÓNIMOS TRADICIONAIS PARA URBANIZACIÓNS

O BNG de CATOIRA apresentou unha moción ao pleno de outubro pola que se solicita que ***cando se lle dea un nome a unha urbanización nova, a unha praza, rúa, sendeiros, bloques de edificios... se utilice un topónimo tradicional galego do noso entorno***, co fin de preservar aqueles de maior interese histórico, arqueolóxico ou filolóxico. Conservar esta riqueza representa unha obriga e unha responsabilidade política, pois contribúe a devolver a cada barrio, a cada lugar, a súa identidade. Catoira, como concello culto e orgulloso das súas raíces, debe respectar o seu pasado para desde el construír o seu presente e o seu futuro.

O PATRIMONIO ORAL GALEGO-PORTUGUÉS

O BNG igualmente presenta outra moción para este pleno pola que se insta a que o concello de Catoira solicite do Goberno Galego e das Administracións estatais española e portuguesa o apoio a iniciativas encamiñadas a favorecer o intercambio e a cooperación social e cultural entre Galiza e Portugal e, nomeadamente, aquelas propostas que teñan como obxectivo o coñecemento, impulso e divulgación da cultura oral galego-portuguesa. A Corporación Municipal expresará o seu apoio diante da UNESCO para a declaración do patrimonio oral e inmaterial galego-portugués como Obra Mestra do Patrimonio Oral e Inmaterial da Humanidade.

25 DE NOVEMBRO "DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES"

Moción do BNG de Catoira para o pleno de Outubro. Trátase de promover a participación da cidadanía do concello en accións encamiñadas a facer consciente á sociedade dos graves problemas que xera a violencia contra as mulleres. Pídese a formación permanente do persoal do concello en materia de igualdade co fin de garantir unha atención áxil ás muulleres vítimas de malos tratos, así como emitir pronunciamentos do Concello e fomentar a resposta cidadán, sempre que na Galiza morra unha muller como consecuencia da violencia de xénero.

MILLADOIRO: 25 ANOS

Parabens dende aquí para os nosos amigos do grupo Milladoiro no 25 aniversario da súa formación. O grupo do BNG xa levou este recoñecemento e lembranza a un Pleno da corporación municipal.

Charla-coloquio organizada polo BNG

“A CONCENTRACIÓN PARCELARIA EN CATOIRA”

Ponente: **GONZALO FLORES CALVETE**
Director Xeral de Investigación Tecnolóxica e Formación
Agro-forestal

Día: **MÉRCORES, 16 de Novembro**

Hora: **8 tarde**

Lugar: **Casa Cultura de Catoira.**

Tódolos detalles da concentración parcelaria e respostas claras a cada unha das dúbidas e preguntas que se queiran formular. Esta será a primeira dunha serie que se completará a medida que avance o proceso.

COMO SE REPARTEN (PSOE E PP) OS POSTOS DE TRABALLO

O BNG, tanto nos orzamentos de 2004 como de 2005, facía fincapé na necesidade de ampliar a plantilla municipal de operarios para así poder ofrecer mellares e máis rápidos servizos.

Por outra banda, tamén pensamos que si se necesita puntualmente unha persoa para o posto de auxiliar administrativo, podía conseguirse por distintas vías e plans de emprego.

Tamén é sabido pola inmensa maioría da cidadanía de Catoira, e así se pode comprobar nas hemerotecas, que o sentido do voto do Partido Popular de Catoira, apoiando sempre a Alberto García, obedece a que hai un pacto de intereses entre Lucindo Costa e o alcalde.

Como é obvio, os apoios hai que recompensalos, dunha ou doutra maneira.

Se analizamos o proceso para a adxudicación da praza de auxiliar administrativa no Concello de Catoira podemos dicir:

1. As persoas que chegaron á fase final estaban todas preparadas, como se demostra nas puntuacións.
2. Que curiosidade, casualidade... que a persoa que definitivamente accedeu á devandita praza teña unha relación familiar directa co portavoz do PP, Lucindo Costa!
3. Que se atamos tódolos cabos e pensando nestas extrañas coincidencias non resulta difícil saber por que o PP apoia sempre ao Sr. Alberto García, e tampouco sorprende que o alcalde acepte este apoio a cambio de algunha prevenida.

A imaxen de caciquismo e amiguismo que transmite este grupo municipal do PSOE é difícil de superar.

Máis exemplos témolos na adxudicación da Gardería, onde unha das persoas beneficiadas ten relación coa concelleira de Abalo e tenente de Alcalde do PSOE.

REUNIÓN CO DELEGADO PROVINCIAL DE MEDIO RURAL

O grupo municipal do BNG reunírase co Delegado Provincial de Medio Rural, Gonzalo Constenla, o mércores 16 para debater a fondo as iniciativas e propostas que este grupo lle ten presentado para levar a cabo no noso municipio nas vindeiras datas. Gonzalo Constenla xa mantuvo unha reunión con Pepe Castaño Dios, portavoz do BNG, na que se sentaron as bases da citada xuntanza, e se **d e i x o u** comprometida a visita do concelleiro Suárez Canal **a o n o s o** concello.



Pepe Castaño
co Delegado
Provincial
de Medio Rural,
Gonzalo Constenla.

VISITA Á DELEGADA PROVINCIAL DE CULTURA E DEPORTES

Asemesmo nos próximos días o BNG de Catoira renderá unha visita á Delegada de Cultura e Deporte, Marta Souto, na que se lle farán chegar as necesidades do concello no seu ámbito. Igualmente en reunión previa co portavoz municipal xa quedaron establecidas unhas datas para a xuntanza coa conselleira Ánxeles Bugallo, na que se tratarán, entre outros, temas como as instalacións deportivas, situación dos clubs locais de piragüismo e fútbol, e aportación para o centro multiúsos de Catoira.

Nesta primeira toma de contacto a Delegada Provincial accedeu á petición de Pepe Castaño Dios para que os e as palistas do CLUB AS TORRES de Catoira poidan realizar o recoñecemento médico con probas de lactato e resistencia... no Centro de Tecnificación e Alto Rendemento, que era unha aspiración da Xunta Directiva e que lles fora denegado na anterior lexislatura.

ARBITRARIEDADES

No último pleno o Alcalde levaba na orde do día a “Aprobación do proxecto de rede de saneamento para a agrupación de edificios “A Devesa” e EDAR para o conxunto do núcleo de Cores”.

Ao BNG sorprendeulle que se iniciara a dotación da rede de sumidoiros da parroquia de Abalo polo lugar de A Devesa, e por iso fixo as seguintes preguntas:

1. Por que non se seguíu o criterio que se aplicou nas demais zonas?.
2. Que razóns técnicas aconsellaban empezar por aquí?.
3. Onde ía situarse a EDAR?.

A única resposta que oímos foi que “... era precisamente por razóns técnicas...”.

Agora ben, as razóns técnicas nen supo nen quixo explicalas.

Non será que na Devesa está a casa da concelleira do PSOE e así o Sr. Alcalde pode tela calada?.

Non será que o propietario de “El Mirlo Blanco” xestionase, ou se cadra presionase, para que se iniciara por alí?.

A pesar disto, e por manter unha disposición positiva, o BNG votou a favor.

INCUMPLIMENTO DOS ACORDOS DOS PLENOS

No pleno do 30 de abril de 2004 denegouse cos votos en contra do grupo socialista e os dous do PP, a permuta do camiño público que linda coa casa de turismo rural “El Mirlo Blanco” na parroquia de Abalo de 130 m², por unha parcela de 103 m².

Esta denegación non era mais que consecuencia dos informes tanto do Secretario do Concello, que aludía á necesidade de desafectación, como da arquitecta técnica.

Nós pensamos que nunha democracia, neste caso no pleno do Concello de Catoira, os acordos aprobados polos representantes políticos lexítimamente elixidos, deben cumprirse e, o máis importante, o alcalde debe velar e asegurarse de que se cumplan.

Pois ben, meses depois deste pleno, este grupo municipal comproba sobre o terreo, que o camiño obxecto da permuta está pechado, polo cal o acordo plenario incúmplese de forma obscena.

O BNG pregunta no último pleno de setembro se había algunha licenza, permiso, negociación, etc. para esa obra. O Sr Alcalde contesta que “... non sei nada...”.

Nós, ademais de estrañarnos, pensamos que nos minten, posto que a tenente de alcalde e concelleira do PSOE da parroquia de Abalo é viciña dese lugar e por riba é presidenta da Comunidade de Montes, condición que a levaría a defender os intereses de tódolos/as viciños/as de Abalo e non os de un particular.

Todo isto lévanos a pensar que o grupo municipal do PSOE, con Alberto García á cabeza, incumplen gravemente as súas obrigacións, e escúdanse na ignorancia para permitir que determinadas persoas se beneficien irregularmente en detrimento do interese de todos.

Só o Alcalde e o seu grupo de goberno son responsables.

PROPOSTA DO BNG DE APOIO AOS TRABALLADORES-AS DE CEDONOSA

O grupo municipal do BNG de CATOIRA ven de propoñer no último pleno que a corporación faga unha DECLARACIÓN INSTITUCCIONAL DE APOIO ÁS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE CEDONOSA nas súas **xustas rivindicacións de actualización dos cobros pendentes**. Foi aprobada. Desde aquí manifestamos a nosa solidariedade cos 100 afectados e coas súas familias. Esiximos e esperamos unha rápida solución.

ENERXÍA EÓLICA

O portavoz do BNG, Pepe Castaño Dios, xunto con representantes dos demais grupos da corporación, asistiu en La Muela, Zaragoza, á gran exposición de infraestructuras que deste tipo de enerxía existe no municipio aragonés, atendendo unha petición do grupo ENGASA, empresa responsable da colocación dos "moliñillos" e da explotación desta enerxía, xunto co Concello, con quen firmou a constitución dunha empresa conxunta para xestionar o parque eólico "singular" próximo a instalarse. Recordemos que o BNG foi favorable á implantación desta enerxía, pero manifestando que en todo momento se respecte ó máximo o medio ambiente e se teñan en conta os intereses das viciñas e viciños afectados.

ASISTEU A DELEGADA PROVINCIAL DE CULTURA E DEPORTE RECOÑECEMENTO DO CONCELLO AOS PIRAGÜISTAS

A corporación municipal de Catoira participou nun acto de recoñecemento aos palistas do Club de Piragüismo AS TORRES con motivo dos seus últimos éxitos deportivos. Tomou parte no mesmo a nova Delegada de Cultura e Deporte, Marta Souto, quen nas horas previas ao acto **mantivo unha reunión e departeu amplamente cos membros do grupo municipal do BNG, que lle presentaron a realidade sociocultural e deportiva do noso concello e arrancaron o compromiso da delegada de iniciar unha colaboración estreita entre o organismo que representa e o concello de Catoira.** Posteriormente no seu discurso diante dos deportistas confirmou esta colaboración. Previamente o portavoz municipal do BNG, Pepe Castaño Dios, presentoulle a Delegada aos restantes membros da corporación e directiva do Club As Torres.

O BNG de Catoira felicita aos anteriores presidentes e as súas xuntas directivas que elevaron a este club a unha gran altura, e loxicamente á actual que mantivo dignamente este nivel alcanzado.



Pepe Castaño con Nati Busto e Maria Perez, que participaron no mundial de maratón.



Marta Souto, Delegada de Cultura e Deporte con Pepe, Carolina e Xan (concelleiros)

NOVOS TEMPOS, NOVO TALANTE

¿Quen dixo que a Catoira non chegou o cambio de talante, consecuencia do cambio de goberno da Xunta de Galicia? Pois claro que sí. En todo, bueno, case en todo, porque...

O alcalde “invitou” aos concelleiros do BNG (representan no concello á metade dos cidadáns de Catoira) a tódolos actos da Romaría Vikinga, con esta misiva tan aclaratoria: “... *ten o gusto de invitálos a tódolos actos que que se celebren nestas datas*” ¿Cando era a recepción dos irlandeses? ¿A que hora era tal acto ou tal outro...? Que máis daba. O importante era que estábamos invitados. Agradecidos.

O Venres 15 de Setembro celébrase o acto de inauguración da exposición pictórica de Nuria Bouzas, ás 8 da tarde, e os concelleiros do BNG reciben un sobre-invitación á mediodía dese mesmo Venres. Igualmente o venres 21, ás 8 da tarde, hai unha charla da bióloga Ana Prado. Recibimos a citación o mesmo venres á mediodía. Gracias de novo.

Á presentación do libro dos alumnos do Colexio Progreso o noso portavoz foi invitado ¡de paso!, é dicir, cando xa era a hora de empezar o acto e o alcalde dirixíase á casa de cultura, crúzase de fronte co portavoz do BNG, que saía da mesma de participar no curso de Historia, e aproveita para invitálo “ipso facto”. Por certo que por respecto aos nenos e nenas asisteu encantado. ***E non pensen que nós non asistimos aos actos se non nos ven nas fotos que el publica no periódico, é que dá a casualidade que o fotógrafo oficial nunca nos vé.***

Pero non se crean vostedes que isto é todo. Non. Porque este home aínda pode superarse a si mesmo. Algunhas veces mesmo nos ten avisado cando o acontecemento xa pasara: “Xa fun a Madrid” “Fun a Buenos Aires e botei alá 19 días”.

E na gran maioría das ocasións, a súa delicadeza é tanta, tan impresionante... que xa non dá conta das xestións. Fai o que lle peta e asunto rematado. Sempre nos quedará a prensa para enterarnos.

¡Novos tempos... novo talante!

¡NORABOIA!

Asunto resolto. Isto dá fé da axilidade e eficacia dos servizos municipais. **Xa se arranxou o poste da rede de tenis das pistas da Balastrera. Só fixeron falta ¡2 anos e medio! de espera**, cinco ou seis peticións en "Pleno" do grupo do BNG no nome de centos de practicantes... e “sen presa pero sen pausa” estes viron cumpridos os seus desexos.

Agora que sí: nun tempo récord: **10 minutos exactos levou sacar o poste, rellenar con masa e volver a colocalo no sitio**. ¿Quen dixo que non sabemos recoñecer as cousas boas do noso goberno? ¡Vamos, home, non faltaría máis...! Oh, e se agora noutros dous anos e medio máis se puxera un grifo con auga no recinto e se adecentara o contorno, sacando así aquel lastimoso vertedeiro incontrolado, como tamén veñen demandando a xuventude de Catoira e iste grupo municipal do BNG durante anos (mesmo lle xestionamos a autorización da Comunidade de Montes para poder facélo), xa sería a... felicidade completa.



Máis información do BNG:
www.bng-galiza.org/osalnes
E-mail: salnes@bng-galiza.org

